



Á ATENCIÓN DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DESTE CENTRO.

De acordo co establecido na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15), modificada pola orde do 18 de decembro de 2020 (DOG do 22 de decembro de 2020) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de deducación infantil, de educación primaria de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código do procedemento ED550A e ED550B), comunícolles o seguinte:

1.- Aos efectos da continuidade de estudos do actual alumnado de sexto curso que promocione á etapa de ESO, o CEIP Alborada está adscrito ao IES Elviña.

2.- O noso alumnado ten prioridade para matricularse neste instituto sobre alumnado que proceda doutros centros non adscritos.

3.-As familias que desexen matricular no vindeiro curso aos seus fillos/as no IES Elviña deberán presentar no noso Centro ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), **entre o 15 de xaneiro e o 4 de febreiro** os seguintes impresos:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto que se achega a este escrito (anexo I da Orde do 21 de outubro de 2022).

- Copia DNI. De todos os membros da unidade familiar.

O alumnado que presente a solicitude no Centro deberá entregalos, debidamente cumprimentados, en administración.

4.- A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación da solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión. A presentación de solicitude noutro centro estando vinculado por reserva dará lugar á perda de prioridade.

5.- Se prefiren que os seus fillos/as continúen estudos nun IES distinto ao que está adscrito o noso Centro, non deberán entregar esta reserva e agardarán ao período ordinario (1 ao 20 de marzo) para entregar a súa solicitude (anexo II da Orde do 21 de outubro de 2022) no IES da súa preferencia.

6.- O alumnado deberá formalizar a matrícula no IES entre o 23 de xuño e o 7 de xullo.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2023

A Dirección

